CA3.7 - Detectar na contorna as necesidades tecnolóxicas, ambientais, económicas e sociais máis importantes que demanda a sociedade, entendendo a capacidade da ciencia para darlles solución sostible a través da implicación de todos os cidadáns.	Valora o traballo dos científicos na procura de solucións ás principais necesidades da sociedade. Interpreta datos comparativos sobre a evolución do consumo de enerxía mundial, e propón medidas que poidan contribuír ao aforro individual e colectivo.		
CA4.1 - Identificar e comprender os cambios físicos e químicos cotiáns relevantes relacionados coa natureza eléctrica da materia e da enerxía, a partir dos principios, teorías e leis científicas adecuadas, expresándoos de maneira argumentada e utilizando diversidade de soportes e medios de comunicación.	Explica a corrente eléctrica como cargas en movemento a través dun condutor. Comprende o significado das magnitudes eléctricas de intensidade de corrente, diferenza de potencial e resistencia.		
CA4.2 - Resolver problemas sobre cambios fisicoquímicos utilizando as leis e as teorías científicas adecuadas, razoando os procedementos utilizados para atopar as solucións e expresando adecuadamente os resultados.	Resolve problemas de forzas de atracción electrostática tendo en conta as cargas eléctricas e as distancias que as separan.		
CA4.3 - Recoñecer na contorna inmediata situacións problemáticas reais relacionadas fundamentalmente cos cambios químicos e describilas, así como emprender iniciativas nas que a física e a química poden contribuír á súa solución, analizando criticamente o seu impacto na sociedade.	Interpreta fenómenos eléctricos mediante o modelo de carga eléctrica e valora a importancia da electricidade na vida cotiá, así como, os problemas derivados da súa xeración a partir de combustibles fósiles.		
CA4.5 - Empregar datos en diferentes formatos para interpretar e comunicar información relativa aos cambios físicos e químicos dun proceso fisicoquímico concreto, relacionando entre si o que cada un deles contén e extraendo en cada caso o relevante para a resolución dun problema.	Describe o proceso polo que distintas fontes de enerxía se transforman en enerxía eléctrica nas centrais eléctricas, recollendo información de diferentes fontes e formatos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Natureza eléctrica da materia: electrización dos corpos. - Enerxía eléctrica: obtención. Circuitos eléctricos. - O aforro enerxético e a conservación sostible do medio ambiente. - Os sistemas materiais: análise dos diferentes tipos de cambios que experimentan relacionando as causas que os producen coas consecuencias que teñen. - Interpretación macroscópica e microscópica das reaccións químicas: explicación das relacións da química co medio ambiente, coa tecnoloxía e coa sociedade. - Lei de conservación da masa e lei das proporcións definidas: aplicación destas leis como evidencias experimentais que permiten validar o modelo atómico-molecular da materia. - Factores que afectan as reaccións químicas: predición cualitativa da evolución das reaccións, entendendo a súa importancia na resolución de problemas actuais por parte da ciencia.

UD	Título da UD	Duración
8	Formas e fontes de enerxía	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Utilizar adecuadamente as regras básicas da física e da química, incluído o uso de unidades de medida, así como as ferramentas matemáticas precisas, conseguindo unha comunicación efectiva con toda a comunidade científica.	Coñecer a lei de conservación da enerxía, as unidades de medida de cada unha das magnitudes implicadas nos procesos de xeración e distribución.	PE	100
CA1.6 - Traballar de forma adecuada e con medios variados, tradicionais e dixitais, na consulta de información e na creación de contidos, seleccionando con criterio as fontes máis fiables e adecuadas mellorando a aprendizaxe propia e colectiva.	Recoller información de diferentes fontes e recoñecer as máis fiables. Identifica e representa os compoñentes máis habituais nun circuito eléctrico.		
CA1.8 - Emprender, de forma guiada e de acordo coa metodoloxía adecuada, proxectos científicos que involucren o alumnado na mellora da sociedade e que creen valor para o individuo e para a comunidade.	Recoñece as forzas que aparecen na natureza e os fenómenos asociados a elas e diseña experiencias nas que se transforman diferentes tipos de enerxías.		
CA3.1 - Identificar e comprender fenómenos fisicoquímicos cotiáns relevantes relacionados coa natureza eléctrica da materia e da enerxía, a partir dos principios, teorías e leis científicas adecuadas, expresándoos de maneira argumentada e utilizando diversidade de soportes e medios de comunicación.	Compara as principais fontes de enerxía de consumo humano a partir da distribución xeográfica dos seus recursos e os efectos ambientais. Comprende o significado dos símbolos e das abreviaturas que aparecen nas etiquetas de dispositivos eléctricos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Recoñecer na contorna inmediata situacións problemáticas reais na obtención de enerxía eléctrica e describilas, así como emprender iniciativas nas que a física e a química poden contribuír á súa solución, analizando criticamente o seu impacto na sociedade.	Analiza o predomínio das fontes de enerxía convencionais fronte ás alternativas.		
CA3.4 - Empregar as metodoloxías propias da ciencia na identificación e descrición de fenómenos relacionados coa natureza eléctrica da materia e coa enerxía a partir de cuestións ás que se poida dar resposta a través da indagación, da dedución, do traballo experimental e do razoamento lóxico-matemático, diferenciándoas das pseudocientíficas.	Analiza vantaxes e inconvenientes das principais fontes de enerxías renovables e a súa relación coa enerxía eléctrica de uso doméstico.		
CA3.6 - Emprender, de forma guiada e de acordo coa metodoloxía adecuada, proxectos científicos en canto á enerxía que involucren o alumnado na mellora da sociedade e que creen un valor individual e colectivo.	Presentar na aula traballos de investigación relacionados coa enerxía, usando as TIC		
CA4.6 - Emprender, de forma guiada e de acordo coa metodoloxía adecuada, proxectos científicos respecto a cambios físicos e químicos que involucren o alumnado na mellora da sociedade e que creen un valor individual e colectivo.	Recoñece as principais transformacións entre tipos de enerxías.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A linguaxe científica: unidades do sistema internacional de unidades e os seus símbolos. Ferramentas matemáticas básicas en diferentes escenarios científicos e de aprendizaxe. - Estratexias de interpretación e produción de información científica utilizando diferentes formatos e diferentes medios: desenvolvemento do criterio propio baseado no que o pensamento científico achega á mellora da sociedade para facela máis xusta, equitativa e igualitaria. - Enerxía eléctrica: obtención. Circuitos eléctricos. - O aforro enerxético e a conservación sostible do medio ambiente. - Os sistemas materiais: análise dos diferentes tipos de cambios que experimentan relacionando as causas que os producen coas consecuencias que teñen.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía que imos a poñer en xogo ao longo deste curso aséntase nos seguintes principios (metodoloxía activa):

-Motivación: ao alumno hai que atraelo mediante contidos, métodos e propostas que estimulen a súa curiosidade e alimenten o seu afán por aprender. Un elemento fundamental será o desenvolvemento das Situacións de Aprendizaxe a ser elaboradas en pequenos grupos previamente elixidos segun as características do grupo.

-Interacción omnidireccional no espazo-aula:

- Profesor-alumno: o docente establecerá unha conversa permanente co alumno, quen se ve interpelado a establecer conexións con ideas previas ou con outros conceptos, e ve facilitada a súa aprendizaxe a través dun diálogo vivo e enriquecedor.

- Alumno-alumno: o traballo en grupo, os debates e a interacción entre pares son fonte de enriquecemento e aprendizaxe, e introducen unha dinámica na aula que transcende unhas metodoloxías pasivas que non desenrolan as

competencias.

- Alumno consigo mesmo: auto interrogándose e reflexionando sobre a súa propia aprendizaxe, o alumno é consciente do seu papel e adóptao de xeito activo.
- Equilibrio entre coñecementos e procedementos: o coñecemento non se aprende á marxe do seu uso, como tampouco se adquiren destrezas en ausencia dun coñecemento de base conceptual que permite dar sentido á acción que se leva a cabo. A nosa metodoloxía conxuga o traballo dos coñecementos coa amplitude e rigor necesarios, por un lado, con aspectos básicos para unha actividade científica como as prácticas, as ferramentas, a investigación e a realización e comunicación de informes.
- Aprendizaxe activa e en grupo: a adquisición e aplicación de coñecementos en situacións e contextos reais é un xeito óptimo de fomentar a participación e implicación do alumnado na súa propia aprendizaxe. Unha metodoloxía activa ten que sustentarse en estruturas de aprendizaxe cooperativo, de xeito que, a través da resolución conxunta das tarefas, os membros do grupo coñezan as estratexias utilizadas polos seus compañeiros e poidan aplicarlas a situacións similares.
- Importancia da investigación: como resposta ás novas necesidades educativas, onde adquiren relevancia os proxectos de investigación, INICIA inclúe unha tarefa de indagación ou investigación por unidade, que ademais ten o seu espello nun compoñente online específico (Oxford Investigación), orientada á aprendizaxe activa, e onde o alumno avanza guiado por preguntas e actividades interactivas ao longo do contido da unidade, todo o cal remata nun informe final de investigación.
- Integración das TIC no proceso de ensinanza-aprendizaxe. Ademais de actividades Tic e da utilización de recursos dixitais (enlaces web, prácticas de laboratorio, animacións e simulacións), propoñeranse tarefas de investigación online que implican unha nova maneira de traballar, diferente e complementaria á tradicional.
- Atención á diversidade de capacidades e intereses: os materiais estarán concibidos para non deixar a ninguén atrás. Isto implica unha metodoloxía de ensinanza na que a clave é garantir o avance seguro, o logro paso a paso. Evitando lagoas conceptuais, competencias insuficientemente traballadas e, en definitiva, frustracións no alumnado. Dentro dos principios de atención individualizada e educación inclusiva, adaptando materiais ás competencias persoais.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
1- Realización de gráficas a partir de datos de magnitudes diferentes. 2- Análisis de resultados. 3-Identificación de unidades del S.I. 4- Diseño de unha práctica de laboratorio (Estudio do péndulo) 5. Realización da práctica no laboratorio.6- Representación dos datos obtidos. 7-Redacción de conclusións.
2- Realización de presentacións e posterior exposición na clase dos modelos atómicos e características propias dos elementos químicos. Estudio de isótopos, formación de ións, moléculas e outras agrupacións de átomos.
3. Estudio das magnitudes principais dos gases e a súas relacións.
4. Resolución de problemas de estequiometria aplicado a reaccións químicas sinxelas.
5- Resolución de problemas relacionados coas forzas fundamentais presentes na natureza. Forzas eléctricas e gravitatorias.
6- Interpreta datos comparativos sobre a evolución do consumo de enerxía mundial, e propón medidas que poidan contribuír ao aforro individual e colectivo.Estudio e resolución de problemas relacionados con distintos tipos de enerxías.

As primeiras sesións están enfocadas á adquisición de destrezas matemáticas e toma de conciencia do traballo científico (que tamen impregnará o resto do currículo), mentres que as finais poñen ao alumnado no contexto de traballo de laboratorio onde será quen de tomar decisións persoais e en grupo para acadar a conclusión final.

-Estudio das propiedades da materia en pequenos grupos de traballo. Elaboración dun sistema periódico relacionando elementos e propiedades químicas e físicas.

-Análise de gráficas a partir da medida das magnitudes dos gases para o estudio das leis.

-Realización de prácticas de laboratorio para diferenciar cambios físicos e químicos, e cálculos estequiométricos.

-Comprobación das principais leis físicas, elaboración de propostas no laboratorio relacionadas coas forzas de tipo gravitatorio e eléctricas.

-Diseño de prácticas de laboratorio coa fin de comprender o significado das magnitudes eléctricas de intensidade de corrente, diferenza de potencial e resistencia, e relaciónalas entre si empregando a lei de Ohm.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Durante os primeiros días do curso farase unha avaliación inicial sobre os contidos do curso anterior que se consideren necesarios para comezar o presente curso da ESO. Esta avaliación permitirá ao profesorado reforzar especialmente os contidos necesarios para empezar o curso.

Ademais farase una observación do alumnado co fin de detectar posibles casos que poidan necesitar algún tipo de reforzo educativo. Deste xeito preténdese coñecer a situación de partida do alumnado co que imos traballar durante todo o curso co fin de coñecer a realidade dos alumnos, os seus coñecementos previos para saber no que se debe poñer máis atención e reafirmar coñecementos.

Tras a avaliación inicial conxunta, este departamento realizará as Adaptacións Curriculares dos alumnos que nela se acorde xunto co Departamento de Orientación.

A nivel colectivo o departamento analizará os resultados obtidos e acordará as medidas oportunas para corrixir o desvío observado.

A data da avaliación inicial estará comprendida entre o 2 e o 5 de outubro.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	15	10	12	15	12	12	12	12	100
Proba escrita	100	100	100	100	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

1. A CUALIFICACIÓN DE CADA AVALIACIÓN:

Obterase segundo o seguinte criterio:

- Tarefas propostas (TP) (20%): A puntuación total deste apartado é de 2 puntos que o alumnado irá acadando ao longo da avaliación en diferentes tarefas orais ou escritas, propostas polo docente para realizar na clase ou na casa. As tarefas serán actividades sacadas do libro de texto (resolución de problemas e cuestións) e o desenvolvemento dalgunha Situación de Aprendizaxe. A cualificación será a media aritmética ou ponderada das cualificacións obtidas polos alumnos nas diferentes tarefas.

- Probas escritas (PE) (80%): Realizaranse dúas probas escritas por avaliación. A cualificación final desta parte será a media ponderada das probas escritas realizadas. A primeira das probas pondera un 30 % e a segunda o 70% xa que nela se incluír a materia de todo o trimestre.

Nota da avaliación = $0,2 * TP + 0,8 * PE$

A nota que se publicará no boletín procederá de aplicar a regra do redondeo ao cálculo anterior.

2. AVALIACIÓN FINAL: A nota da avaliación final será a que resulte da media aritmética das notas das tres avaliacións parciais.

Criterios de recuperación:

1. RECUPERACIÓN DAS AVALIACIÓNS NON SUPERADAS:

Despois das primeira e segunda avaliacións e posteriormente á entrega dos boletíns ao alumnado, haberá unha proba escrita de recuperación, que avaliará as competencias xa avaliadas e non superadas, para o alumnado que non teña superada dita avaliación. A

nota correspondente coa terceira avaliación será recollida no xade coa nota da avaliación final. No caso de ser necesaria unha recuperación da terceira, esta terá lugar antes da avaliación final.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

PLAN DE RECUPERACIÓN DE MATERIA PENDENTE

FÍSICA E QUÍMICA 3º ESO (curso 23-24)

Para recuperar a materia pendente o alumnado deberá entregar tarefas propostas que ponderarán un 40% na cualificación e realizar unha proba escrita por avaliación, cunha ponderación do 60%.

Profesor responsable: Augusto Otero Bugidos (xefe de departamento)

Haberá unha atención ao alumnado para resolución de dúbidas en calquera dos dous recreos de todos os mércores, no departamento de Física e Química.

I) CALENDARIO: datas de entrega de tarefas ao profesor para a súa corrección e de realización da proba escrita

1ª AVALIACIÓN

TAREFAS PROPOSTAS: Luns, 4 de decembro

PROBA ESCRITA: Luns, 11 de decembro

2ª AVALIACIÓN

TAREFAS PROPOSTAS: Luns, 4 de marzo

PROBA ESCRITA: Luns, 11 de marzo

3ª AVALIACIÓN

TAREFAS PROPOSTAS: Luns, 3 de xuño

PROBA ESCRITA: Luns, 10 de xuño

EXAME FINAL (no caso de ter algunha avaliación non superada)

PROBA ESCRITA: Luns, 17 de xuño (10.45)

II) CONDICIÓN PARA SUPERAR A MATERIA

a) É condición imprescindible para superar a materia que se teña en cada unha das tres avaliacións unha nota igual ou superior a 5, conseguida a través das avaliacións parciais ou a través do exame final.

b) Os alumnos que teñan unha nota inferior a 5 nalgunha das avaliacións, poderán presentarse a un exame final, no mes de xuño, onde se examinarán da avaliación suspensa ou da totalidade da materia, no caso de non ter aprobadas as tres avaliacións anteriores.

c) A cualificación final da materia calcularase facendo a media aritmética das cualificacións de cada avaliación, aplicándose en todo momento a condición do apartado a).

6. Medidas de atención á diversidade

O alumnado que presente dificultades de aprendizaxe serán atendidos con medidas de reforzo para que consigan un mínimo nivel de coñecementos e un hábito de traballo, ou con actividades de ampliación que teñen como dobre obxectivo que poidan aprender todo o que lle permita a súa capacidade e, en segundo lugar, que continúen integrados no ritmo e no grupo da clase. A metodoloxía activa e a aprendizaxe colaborativo así como a integración das TIC, desempeñan un papel clave á hora de lograr isto.

No caso de alumnos que precisen unha adecuación de obxectivos, contidos e criterios poden realizarse adaptacións curriculares individualizadas. No caso de haber un grupo de alumnos no 1º ciclo da ESO con estas necesidades existe a posibilidade de establecer un calendario de asistencia á aula de apoio na materia baixo a tutela do profesor de pedagogía terapéutica e ou contar con un profesor de apoio na aula.

Para casos de eventuais problemas de saúde non graves ou que non afecten gravemente ao desenvolvemento do alumno na aula, o profesorado aportará as solucións individualizadas que atendan ás necesidades de cada caso, sempre e cando o caso sexa suficientemente xustificado.

Pode suceder que teñamos nas aulas alumnos con necesidades educativas especiais, isto é:

- Alumnos estranxeiros ou, en xeral de incorporación tardía ao noso sistema educativo.
- Alumnos con altas capacidades.
- Alumnos que presenten un desaxuste significativo entre as súas capacidades e as esixencias do currículo do nivel no que se encontra escolarizado.

En todos estes casos débese identificar e avaliar as necesidades educativas, favorecer a integración social e lingüística, e abordar en consecuencia as accións fronte aos problemas específicos de cada caso. Moitas veces esta atención personalizada necesitará do recurso do Departamento de Orientación ou da profesora de Pedagogía Terapéutica.

Tamén se terá en conta o tratamento ao alumnado con capacidades especialmente altas para as materias impartidas no departamento. Isto farase normalmente mediante a participación en diversos programas organizados por asociacións profesionais e educativas.

Para o alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH), alumnado TEA, se establecerán tempos e apoios que aseguren unha correcta avaliación deste alumnado. De igual xeito, establecemos a localización máis idónea deles na aula, de forma que estean sentados cerca da mesa do profesor e na medida do posible ao lado de compañeiros que lles sirvan de modelo de tranquilidade, orde e de axuda.

No suposto de ter alumnado diagnosticado de TEA: Se implementarán as pautas indicadas pola profesora de Pedagogía Terapéutica. A modo de resume, teñen a seguinte estrutura:

- 1) Normas: sinxelas, claras e explícitas.
- 2) Tarefas / Datas de exames / Actividades: uso da axenda e anticipación.
- 2) Reforzo positivo e normalizalo.
- 3) Ambientes estruturados e predecibles, apoios visuales, evitar preguntas indefinidas.
- 4) Coordinación entre o equipo docente e a familia actuando a PT como enlace.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - O interese por investigar e explorar de forma sistemática e científica os fenómenos que nos rodean.	X							
ET.2 - Valorar e respectar o traballo persoal e dos compañeiros e compañeiras		X						
ET.3 - Recoñecer o uso de produtos químicos no eido da sustentabilidade e desenvolvemento da sociedade			X					
ET.4 - Coñecer con rigor científico a importancia dos procesos industriais na procura de mellorar a calidade de vida e a saúde das persoas				X				
ET.5 - Impulsar as fontes de enerxía renovables e os seus usos na vida cotiá dos cidadáns					X	X	X	X

Observacións:

Os contidos da materia que fan referencia a procesos físicos ou químicos de actualidade serán traballados na aula de xeito que o alumnado relacione o que estuda e o que aparece nos medios de comunicación a diario. O desenvolvemento das Situacións de Aprendizaxe son o elemento curricular fundamental para acadar un ensino competencial que perdure no tempo.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visionado de documentales en pantalla semiesférica	Documentales de simulación en exploración astronómica		X	

Observacións:

A partir das limitacións do proceso de ensino durante a pandemia contactamos con unha serie de científicas que comunican ao noso alumnado as súas investigacións e transmiten as súas experiencias persoais. Elas contribúen ao desenvolvemento de novas vocacións e reforzan a igualdade de xénero.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Clima de traballo na aula
1.- A adecuación de obxectivos, contidos e criterios de avaliación ás características e necesidades do alumnado 2- As aprendizaxes acadadas polo alumnado 3- As medidas de atención á diversidade dentro da aula 4- O desenvolvemento da programación didáctica 5.- A organización da aula para desenvolver as programacións 6.- O aproveitamento de recursos dispoñibles no centro 7- Os procedementos de avaliación 8.- A coordinación do profesorado

Descrición:

O procedemento para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente realízase analizando os indicadores enumerados, tendo en conta os resultados obtidos nas probas escritas do alumnado e observando a implicación persoal na realización de prácticas de laboratorio. Cando o alumnado acada as súas metas e consegue resultados óptimos, normalmente a práctica docente estimula as capacidades e as competencias requeridas no proceso de aprendizaxe.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A constante observación e medida dos indicadores sinalados ofrece ao profesorado a posibilidade de adaptar o proceso ensino-aprendizaxe ás necesidades do alumnado. É preciso ter en conta que as medidas de atención á diversidade poden obrigar a diferentes desenvolvementos da programación.

Os indicadores revísanse cada mes na reunión de departamento.

Para mellorar o cumprimento da programación, o alumnado con necesidades de atención educativa deberían ter moito máis apoio fora da aula. Este apoio está condicionado á disponibilidad de profesorado especializado que no noso centro é insuficiente.

9. Outros apartados